Wikipedia

Lingua amahai

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **amahai** é unha lingua malaio-polinesia que se fala en Indonesia.

Amahai	
Falado en:	Indonesia
Rexións:	Seram
Total de falantes:	50
Familia:	Linguas austronesias Linguas malaio-polinesias **Amahai**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	amq (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=amq)

Índice

Características

O amahai componse de catro dialectos que se falaba tradicionalmente en catro localidades diferentes no suroeste da illa de Seram, preto de Maschi, nas localidades de Amahai, Makariki, Rutah e Soahuku, a lingua carece dun nome común para o conxunto dos catro dialectos e nos Países Baixos coñécese como **Koako**. Actualmente a lingua está en proceso de extinción, hai aproximadamente 50 falantes no seu territorio tradicional[1], tamén hai falantes nos Países Baixos, un deles Dede Tamaela[2] escribiu en 1998 unha guía para a súa aprendizaxe, nun intento de revitalizar a lingua.[3]

Notas

1. SIL 1987 e Mark Taber et al. *Atlas Bahasa Tanah Maluku* Pusat Pengkajian dan Pengembangan Maluku, Universitas Pattimura, and Summer Institute of Linguistics, 1996, páxina 55
2. Tamaela morreu en 2001 e non hai constancia se queda algún falante nativo máis nos Países Baixos pero entre os descendentes deses falantes hai interese en aprender amahai coa lingüista Margaret Florey, fonte: Margaret Florey *Countering purism: confronting the emergence of new varieties in a training program for community language workers*. In Peter K. Austin (ed.) *Language Documentation and Description*, Vol 2, 2004, Bulletin School of Oriental and African Studies, Universidade de Londres.
3. Dede Tamaela, *Komo oe?* manuscrito tipografiado, fonte: Miriam Corris *Dictionaries and endangered languages*, Endangered Languages Workshop, Universidade La Trobe, 2000

Véxase tamén

Ligazóns externas

- O amahai no Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=amq) *(en inglés)*
- Florey, Margaret. "Vocabulario básico do dialecto de Rutah" *(en inglés)*. Arquivado dende o orixinal o 20 de decembro de 2012. Consultado o 16 de marzo de 2006.